

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE BOBORÁS

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS/PEOAS DE SERVIZOS MÚLTIPLES, PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA PARCIAL MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN

Mediante o Acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de marzo de 2024, aprobáronse as bases de selección para a contratación de persoal laboral temporal:

1. Número e denominación das prazas: 3 traballadores/as para prestar o servizo como peóns/peoas de servizos múltiples.
2. Modalidade de contratación: contrato laboral temporal a xornada parcial (30 horas semanais).
3. Duración do contrato: doce meses
4. Sistema de selección: concurso-oposición
5. Lugar e prazo de presentación de instancias: no Rexistro do Concello, de 8.00 a 14.30 h, ou por calquera dos medios admitidos en dereito, durante o prazo de cinco días hábiles que contarán desde o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.
6. Exposición das bases: o texto completo das bases de selección atópase a disposición do público no Concello, na páxina web (www.boboras.gal), e na sede electrónica (<https://boboras.se-delectronica.gal>).

Boborás, 11 de marzo de 2024. A alcaldesa.

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

R. 613